

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO X14

### LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons  
Xosé Manuel Baamonde Silva  
Vicente Badenes Pla  
Juan Manuel Corbacho  
Alberto Dafonte Gómez  
Ana Belén Fernández Souto  
Oswaldo García Crespo  
Silvia García Mirón  
Legerén Lago, Beatriz  
Jorge Lens Leiva  
Carmen López de Aguieta Clemente  
Carmen Maiz Bar  
Xabier Martínez Rolán  
M<sup>a</sup> Isabel Míguez González  
Julinda Molares Cardoso  
Alberto Pena Rodríguez  
Román Pereiro Rodríguez-Lepina  
Diana Ramahí García  
Fortunato Rodríguez Fernández  
José Octavio Rodríguez Nieto

José Rúas Araujo  
Emma Torres Romay  
Ana Suárez Mariño (secretaria accidental)

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Pedro Pablo Gutiérrez  
Paulino Pérez Feijoo  
M<sup>a</sup> Isabel Moreira Recamán

Acta da sesión ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 24 de setembro de 2020, convocada para as 13.15 h en primeira convocatoria e as 13:45 h en segunda na Sala de Xuntas I da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 24 de setembro de 2020, as 13:49 h comeza a sesión ordinaria do Consello de Departamento, cos seguintes puntos na **orde do día**:

### 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 21 de maio de 2020 e do 3 de setembro de 2020.

*Acta 21 de maio de 2020:* o director explica que revisada, de novo a gravación da sesión na parte correspondente á intervención da profesora Isabel Míguez, (minuto 8) a docente solicita a votación por separado de cada unha das prazas. A votación realizouse por separado e, a súa vez, con voto secreto.

O profesor Corbacho solicita que se inclúa na acta a súa petición de que se solicite por escrito as condicións de incorporación do profesor Pérez Seoane. Incorporárase o seguinte texto: *Solicita que consten, por escrito, as condicións de incorporación del profesor Pérez Seoane.*

Con estas correccións apróbase a acta.

A petición da docente Carmen Aguilera de incorporar ás composicións das CEAs á acta do 21 non procede xa que as mencionadas CEAs foron aprobadas na sesión do Consello de Departamento de 5 de xuño.

*Acta do 3 de setembro:* Apróbase

## **2.-Informe do Director do Departamento.**

O director informa sobre os seguintes puntos:

*-Peche de exercicio:* xa foi remitida a información sobre as datas de peche de exercicio 2020. Insiste en que se teñan en conta as datas para que non haxa problemas coa tramitación dos gastos.

*-Reunión reitor/vicerreitor profesorado con directores Departamentos:* O motivo da reunión foi para presentar o cadro de PDI para elaboración de POD. Trátase dun documento cunha análise do estado actual do cadro de PDI das diferentes unidades docentes e departamentos e, tendo en conta distintos parámetros, mostra a folgura do departamento. É unha ferramenta interesante para a planificación docente.

*-Web do Departamento:* Como se comunicou, xa está operativa a nova web do Departamento. Aínda ten algunhas lagoas nas que xa están a traballar os informáticos. Está pendente de incorporar algún grupo de investigación, como o do profesor Alberto Pena ou o grupo de transferencia., difusión e divulgación da ciencia do profesor Paulino Pérez. O director agradece que se comunique calquera incidencia que se detecte para proceder a súa corrección/actualización.

O director informa que aínda queda algún docente por incorporar a súa fotografía á web. Para iso teñen que poñerse en contacto co profesor Jorge Lens. O director agradece ao profesor Lens a súa dispoñibilidade para colaborar nesta cuestión.

*-Titorías:* Lémbrese a necesidade de encher o horario de titorías a través da secretaría virtual. O número de horas xa ven indicado na secretaría. É necesario indicar o tipo de atención ao alumnado, presencial ou virtual. As titorías serán validadas polo Departamento.

## **3.- Aprobación, se procede, da modificación de POD do curso 2020-21.**

O director recorda que na reunión de anterior do Consello acordouse a activación da lista de agarda para cubrir a docencia vacante consecuencia da xubilación do profesor López Torrente. O tipo de contrato sería de 120 horas (A3-P4 anual) e a outra xa activada con anterioridade para cubrir 75 horas (A3-P5 1º Cuadrimestre)

Na lista había 4 persoas das cales as 3 primeiras renuncian por incompatibilidade e a cuarta acepta o contrato de 120 horas que correspondería coa docencia da materia *G190404 Redacción e locución publicitaria*, pero atópase de baixa por maternidade. A candidata infórmanos que

vai estar de baixa as 6 semanas obrigatorias que establece a normativa. Polo tanto incorporase na segunda parte da materia

O profesor da materia José Manuel López non pode asumir a docencia por coincidencia horaria e, por iso, é preciso propoñer a transformación do contrato da profesora Carmen Máiz cunha ampliación de 30 horas pasando de A3-P4 (120h) a A3-P5(150h)

Para as outras 75 horas, correspondentes ás materias *G190503 Planificación estratéxica das relación públicas* e *G190903 Comunicación alternativa: Medios virtuais e novos soportes publicitarios* propónse á investigadora en formación Julia Fontenla que compartirá a docencia coas profesoras Ana Belén Fernández Souto (materia G190503) e Mónica Valderrama (materia G190903).

Apróbase por asentimento a proposta de modificación de POD.

#### **4. Avaliación e cualificación, se procede, dos proxectos presentados coas solicitudes de bolsas de colaboración con departamentos para o curso 2020-21.**

O director informa que despois de moito insistir entre o alumnado coa información sobre as bolsas de colaboración, finalmente presentáronse dúas solicitudes.

Dado que o Departamento ten asignadas dúas bolsas propón que se valoren as memorias de xeito similar e que sexa a nota do expediente a que dirima.

Polo tanto quedaría María Gago con 4 puntos e Xiana Casás con 3.9 puntos.

As bolseiras encargáranse das tarefas que quedaron pendentes de completar tales como crear un newsletter, un vídeo do Departamento... Do mesmo xeito poderán dar apoio en tarefas de investigación ou outras actividades que se organicen no Departamento.


#### **5. Rogos e preguntas.**

Non hai rogos e preguntas.

Sen máis intervencións, levántase a sesión ás 14:20 horas.

Pontevedra, 24 de setembro de 2020


O director



José Rúas Araújo



A secretaria do Departamento  
(Por ausencia da titular)



Ana María Suárez Mariño